



Valdoviño

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenación e imposición das seguintes ordenanzas fiscais:

- **Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas e outros servizos urbanísticos.**

Solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio web municipal , mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

* Constitúe a actualización do feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos tendentes a verificar se os actos de edificación e uso de solo e subsolo no termo municipal se axustan as normas urbanísticas e de edificación, previos á concesión das licenzas que, preceptivamente, deban solicitarse do Concello para a execución de calquera obra clase de construcción, obra ou instalación dentro do termo municipal, así como aqueles outros actos suxeitos a procedementos de intervención distintos da licenza como a declaración responsable e a comunicación previa.

Valdoviño, a 9 de novembro de 2020

O Alcalde,



Asdo. Alberto González Fernández